

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Fundación para a discapacidade e emprego JUAN XXIII

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022 do 15 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería).

Da outra, Don **DIEGO CHAPELA PORTELA**, con DNI 53.110.852-B, en calidade de director xerente da Fundación para a discapacidade e emprego JUAN XXIII (en diante Fundación JUAN XXIII), nomeado para este cargo polo padroado na xuntanza do 4 de marzo de 2008, con CIF G-36551828 e domicilio social na rúa Eduardo Blanco Amor 66, 36003 Pontevedra, e teléfono 986868078; inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co nº 2007/13, tal e como consta na Orde do 5 de outubro de 2007 pola que se declara de interese galego a Fundación para a Discapacidade e Emprego Juan XXIII e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG do 5 de novembro de 2007).



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e alumnado con necesidades educativas especiais entre o que se sitúa o alumnado con discapacidade funcional.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 4.3 que "Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptárase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade requírao, adoptáranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira".



4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que “Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que a Fundación JUAN XXIII é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, situada na cidade de Pontevedra constituída para fomentar o desenvolvemento integral das persoas con discapacidade intelectual, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

- a) Potenciar e defender os dereitos das persoas con discapacidade para a súa plena integración na sociedade.
- b) Difundir e divulgar a realidade social da persoa con discapacidade intelectual.
- c) Fomentar e potenciar a creación de emprego para as persoas con discapacidade, ben a través de centros especiais de emprego, enclaves laborais, creación de empresas de inserción ou de calquera outra modalidade de inserción no mercado aberto de traballo.
- d) Desenvolver programas de formación para adecuar ós traballadores ó posto de traballo, así como calquera outro tipo de formación que potencie e desenvolva as capacidades laborais e sociais das persoas con discapacidade.
- e) Establecer contornos adecuados para que os traballadores desenvolvan a súa actividade profesional segundo parámetros de calidade, eficacia e normalización, respectando principios éticos e de traballo digno.



f) Proporcionar ós traballadores con discapacidade os apoios de axuste persoal e social que cada persoa requira, mellorando o conxunto das súas habilidades sociais.

g) Establecer canles de relación entre a fundación e o entorno empresarial da zona buscando apoios á inserción laboral das persoas con discapacidade.

h) Colaborar coas institucións e a sociedade en xeral na protección e a defensa ecolóxica do noso hábitat.

6. Que a Fundación Juan XXIII, dirixida á inserción sociolaboral e á mellora da empregabilidade de persoas con discapacidade funciona como Centro Especial de Emprego e Inclusión laboral e como promotor dun proxecto de Formación Dual Inclusiva dirixido a persoas con discapacidade funcional.

7. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con discapacidade funcional.

En consecuencia, a Consellería e a Fundación JUAN XXIII acordan subscribir este convenio conforme as seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e a Fundación JUAN XXIII nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con discapacidade funcional escolarizado no CEE Pontevedra.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con discapacidade funcional que curse o Programa Formativo de Formación Profesional Básica de Xardinería e Viveirismo no CEE Pontevedra.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*

1. O obxectivo principal deste convenio é fomentar a colaboración da Fundación Juan XXIII co CEE Pontevedra co obxecto de que a experiencia acumulada polos profesionais e os materiais existentes poidan ser coñecidos e utilizados para a atención do ACNEE escolarizado no CEE Pontevedra.

2. Dita colaboración será sempre BAIXO DEMANDA e terá en conta os recursos dos que de maneira voluntaria poda dispoñer a Fundación Juan XXIII que está especialmente sensibilizado coas necesidades de apoio e colaboración que poidan xurdir no contexto educativo para o ACNEE.

A colaboración abranguerá os seguintes apartados:

a) Apoio á labor educativa, formación e asesoramento a outros profesionais do CEE Pontevedra

-Apoiar a labor educativa mediante a orientación sobre material didáctico, bibliográfico, equipamento adaptado e axudas técnicas para ACNEE.

-Ofrecer e poñer ao dispor dos centros educativos a experiencia acumulada polos profesionais da Fundación Juan XXIII.



-Colaborar co profesorado do CEE Pontevedra no desenvolvemento de propostas didácticas para ACNEE.

b) Seguimento e apoio do alumnado con discapacidade funcional:

-Ofrecer apoio e colaboración ao profesorado do CEE Pontevedra para a atención do ACNEE.

c) Fomento de experiencias conxuntas:

-Contribuír á posta en práctica de iniciativas e actividades compartidas entre a Fundación Juan XXIII e o CEE Pontevedra que favorezan a participación do alumnado cara a mellora da súa aprendizaxe e a súa futura inserción laboral.

Cuarta. *Características da colaboración do persoal da Fundación para a discapacidade e emprego JUAN XXIII nos centros docentes*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o equipo directivo do CEE Pontevedra, as familias do alumnado e os responsables da Fundación Juan XXII, establecerán de mutuo acordo e por escrito, seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais do centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas en discapacidade funcional da Fundación Juan XXIII en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da Fundación JUAN XXIII co alumnado do CEE Pontevedra, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado con discapacidade funcional; ter cumprida as obrigas impostas polo capítulo II do título V da Lei



orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia; ter regularizada a súa situación laboral coa Fundación JUAN XXIII e respectar os principios de autonomía organizativa do CEE Pontevedra, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. *Financiamento*

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Fundación JUAN XXIII e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, a demanda de calquera das partes previa convocatoria.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.



- c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2025-2026, isto é o día 31 de agosto de 2026, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.



Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES,

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA FUNDACIÓN PARA A
DISCAPACIDADE E EMPREGO JUAN
XXIII,

O DIRECTOR XERENTE,

Diego Chapela Portela

